

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

Viladonga
27259 Castro de Rei (Lugo)
Tel.: 982 31 42 55

DATAS

3 de abril ó 19 de maio de 2006

HORARIOS

Todos os días de 10.00 a 20.00 h.

Entrada gratuita



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



MUSEO
ARQUEOLÓXICO
DO CASTRO DE
VILADONGA



FUNDACIÓN MUNICIPAL DE CULTURA,
EDUCACIÓN Y UNIVERSIDAD POPULAR
Ayuntamiento de Gijón



Os materiais arqueolóxicos que se presentan nesta exposición foron exhumados no transcurso das escavacións realizadas no Castro do Chao Samartín, localizado nas proximidades do poboado de Castro (Grandas de Salime), no suroccidente de Asturias.

Desde 1995 ata a actualidade, a dirección científica das escavacións corresponde a don Ángel Villa Valdés, correndo estas a cargo da Conserjería de Cultura del Principado de Asturias.

Hoxe a área escavada, aproximadamente un 25% da zona ocupada en época romana, acada máis dunha veintena de construcións, a porta de acceso ó xacemento, algunhas rúas, unha sauna, un gran espazo público enlousado e varios foxos e murallas. O castro tivo unha lonxeva ocupación, pois foi fundado a finais da Idade do Bronce, mantivo a súa vixencia durante a Idade de Ferro e acadou un dos seus momentos culminantes na época altoimperial romana, cando na primeira centuria da nosa era foi morada de militares e persoal administrativo romano ocupado na tutela das minas de ouro.



Vista aérea do Chao Samartín [portada]

Restos do casal romano no Chao Samartín [arriba]

Cunca sudgálica e debuxo de cenefa decorativa [dereita]

A terra sigillata do Chao Samartín

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

Comisariado e textos Alfonso Menéndez Granda e Estefanía Sánchez Hidalgo
Fotografías Ángel Villa Valdés, Diógenes García, Alfonso Menéndez e Estefanía Sánchez
Colaboran Ángel Villa (director científico do Plan Arqueolóxico de la Cuenca del Navia), Beñen Madariaga, Álvaro Menéndez, Fernando Rodríguez, Patricia Prado (arqueólogos), Olga Gago (restauradora) e José Mon (debuxante)
Deseño e montaxe da exposición Juan Stové
Coordinan Museos Arqueolóxicos de Gijón
Colabora Consejería de Cultura, Comunicación Social y Turismo del Principado de Asturias
Tradución ó galego: Rodolfo Caballero Otero



1

O Chao Samartín resultou ser enormemente rico en materiais arqueolóxicos de todo tipo, o que inicialmente sorprendeu ós arqueólogos acostumados nesta rexión a xacementos bastante parcos en achádegos. Esta riqueza só obtivo explicación cando se comprobou que o poboado fora abandonado a mediados do século II d. de C., tras sufrir un violento movemento sísmico que obrigou á marcha dos seus habitantes, non tendo máis remedio que deixar, para fortuna dos escavadores, a maior parte das súas preciadadas pertenzas baixo os entullos do poboado derruído. Centos de cerámicas, adornos metálicos, armas, instrumentos médicos, lucernas, vidros, moedas, xoias en ouro, etc., perfectamente estratificados foron recuperados das ruínas nos últimos anos de investigación, facendo deste poboado un lugar excepcional e sen parangón na arqueoloxía castrexa asturiana.



2

Entre os conxuntos recuperados sobresaen as cerámicas de verniz vermello, obxecto desta exposición, denominadas por los ceramólogos "*terra sigillata*", palabras latinas que poden traducirse por "barro selado". Este nome deriva do costume de moitos alfareiros de "selar" as cerámicas cos seus nomes ou iniciais habitualmente no fondo das vaixelas.

Estas, consideradas como a vaixela de mesa de luxo durante a época altoimperial romana, son moi abundantes no Chao Samartín. Ata a actualidade recuperáronse máis de 1.300 pezas, moitas delas completas ou casi completas. O importante volume de material, xunto cunha coidada escavación estratigráfica, permitiu por vez primeira nesta rexión a realización de estudos monográficos sobre esta familia cerámica, considerada de grande valor polos arqueólogos pola súa capacidade para ofrecer datos cronolóxicos moi precisos, pois coñécese con bastante aproximación a época na que cada tipo de vaso, cunca ou prato foi fabricado.

3



- 1 Pratos hispánicos
- 2 Cunca sudgálica
- 3 Cunca hispánica
- 4 Deus exipcio Anubis sobre un cunco hispánico
- 5 Terra sigillata sudgálica
- 6 Selo do alfareiro galo *Passenus*
- 7 Selo do alfareiro hispánico *Maternvs Capito*
- 8 Decoración de grifos alados

4



A exposición pretende ser o máis didáctica posible aínda que sen renunciar a criterios de corte científico, ofrecendo diferentes niveis de coñecemento. Ademais dun audiovisual, a mostra conta cunha nutrida representación de cerámicas, máis de oitenta pezas, agrupadas en función da súa orixe, gálica ou hispánica, así como das súas características morfolóxicas e funcionais, tanto nas súas variedades lisas como decoradas, sobresaíndo entre estas últimas un bo número de cuncas decoradas con escenas cinexéticas, deuses do panteón romano, animais exóticos ou variadas composicións vexetais e xeométricas.



5

Para facilitar a comprensión dos materiais expostos, complétase o percorrido expositivo con varios paneis explicativos a través dos que o visitante poderá coñecer abundantes datos históricos sobre o xacemento onde se recuperaron estas pezas, o Chao Samartín, así coma a historia da investigación da *terra sigillata* e os seus procesos de fabricación, os alfares onde se produciron estas cerámicas, a información histórica que os arqueólogos e ceramólogos extraen das mesmas e tamén os camiños que seguiron os comerciantes que, desde os centros de produción da *Galia* e *Hispania*, acercaron estas cerámicas case ata o "*finis terrae*" do Imperio Romano.

6



7



8